

# Karl Marx

2° BACH

# Marx en selectividade

- Alienación e ideoloxía en Marx



# Contexto filosófico: Introducción


- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**

- Introducción:

- *A Revolución Industrial.*
- Vida e obras


- Críticas:

- Socialismo utópico francés
- Idealismo alemán:
  - Hegel
  - Feuerbach
- Liberalismo económico



# Introducción. O século XIX

- Na **filosofía contemporánea** caracterizarase pola **diversidade de movementos, correntes e temáticas** (*marxismo, vitalismo, historicismo, filosofía analítica, personalismo, etc.*).
- Na filosofía contemporánea abórdase a temática da vida, da existencia, da ciencia, da linguaxe...



# Contexto filosófico: Introducción

- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**

- **Introducción:**

- *A Revolución Industrial.* ←

- Vida e obras

- **Críticas:**


- Socialismo utópico francés

- Idealismo alemán:

- Crítica a Hegel



- Crítica a Feuerbach

- Liberalismo económico




# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- A **precursora** de Revolución Industrial se atopa na **Revolución Científica** que provocará un enorme avance científico desde o XVII.
- A **unión de ciencia e técnica** cristalizará no século XIX na coñecida como **Revolución Industrial**.
- A **Revolución Industrial** supón o **paso dun sistema de produción case feudal ao inicio da produción coa axuda da maquinaria**.



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial


- Ao igual que vivimos na actualidade coa revolución dixital, a **revolución industrial** tivo grandes **repercusións sociais**:
  - Ao ser **impulsada economicamente** pola clase **burguesa** → **fortalecemento desa clase fronte á nobreza e clero.**
  - A ideoloxía político - económica burguesa -o **capitalismo de libre competencia**- se **estende** → **nova clase social: o proletariado** (etimolóxicamente, que non posúe nada mais que os seus fillos -a prole), clase obreira / asalariada (porque perciben un salario polo seu traballo).



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

NON ENTRA NO EXAME

- O capitalismo de libre competencia postulaba a:
  - **Liberdade económica:**
    - Os individuos poden producir, vender e mercar libremente.
    - Non hai control arbitrario de prezos nin restricións sen xustificación.
  - **Competencia**
    - As empresas compiten buscando beneficio.
    - A competencia xera eficiencia e produtos de maior calidade.
  - **Interese persoal como motor**
    - Cada persoa busca o seu propio beneficio, pero isto produce **beneficio social** (a “man invisible”).
  - **División do traballo**
    - A especialización aumenta a produtividade.
    - Exemplo: unha fábrica de alfileres produce moito máis ca se cada traballador fixese todo o proceso só.
  - **Rol limitado do Estado**
    - Intervén só en defensa, xustiza e obras públicas.
    - Non regula directamente prezos nin salarios.
  - **Mercado autorregulado**
    - Oferta e demanda determinan os prezos.
    - A competencia evita monopolios e privilexios.




# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- O **proletariado**:


- Este sistema económico-político + emprego da maquinaria no sistema produtivo = **condicións de traballo na maioría da poboación insoportable e inxustas.**
- Xornadas de traballo interminables
- Condición inseguras no traballo
- Insalubridade, ausencia de dereitos sociais como o subsidio por desemprego, dereito á atención médica, pensións, dereito á educación...

A situación de **miseria e explotación** afecta a **toda a clase traballadora** na que se inclúen ás mulleres que son dobremente explotadas (por muller e traballadora) e mesmo ás nenas e nenos ao mesmo tempo que provoca a **acumulación do capital en moi poucas mans aumento a diferenza social.**




# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- As **revolucións burguesas de finais do XVIII** (a francesa\* por ex.) e as que se producen durante o XIX contra o intento de restaurar os valores do antigo réxime van acabar “**triunfando**” polo apoio popular.
- O beneficio da caída dos valores do antigo réxime serán para a burguesía que:
  - a) Logra instaurar o seu **sistema económico e político liberal** (ideoloxía do capitalismo inspirada en Locke)
  - b) Legalizando unhas **relacións de produción** (que inclúen as relacións laborais) que **permiten a explotación** da clase social máis desfavorecida (o proletariado).



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- Os **ideais de igualdade e liberdade** inspiradores das revolucións burguesas **só foron efectivos para a clase burguesa** e nin sequera para toda: **só para os varóns**.
- A **clase obreira non** se beneficiaba dos dereitos de **participación política**, non podía nin tan sequera votar e mesmo tiña prohibido **organizarse (sindicatos, partidos, asociacións...)**.



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- A **toma de conciencia** desta situación inxusta e irracional → **conflictos sociais** que cristalizarán :
  - **Revolucións obreiras do século XX**
  - **Reformulación do estado liberal** concedendo o **dereito ao voto e a participación política** de case todos os cidadáns (excepto as mulleres).





# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- As **mulleres** (tanto burguesas como proletarias) terán que agardar a **ben entrada o século XX** para conseguir este dereito coa loita iniciada polas **sufrazistas** que rematará coa aparición dos movementos que defenden a **igualdade entre sexos: o feminismo.**




# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- Pouco a pouco, **os proletarios vanse organizando** e recibirán **o apoio dalgúns intelectuais burgueses progresistas**, adquirindo deste xeito un crecente protagonismo no século XIX e sobre todo ó longo do s. XX.
- Os intelectuais e algúns artistas pretenderán **denunciar as inxustizas e desigualdades do sistema** que leva á miseria da maior parte da poboación.



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- Os intelectuais **desafiarán ós ideólogos do liberalismo** que ven ó capitalismo coma un sistema político-económico definitivo cunha **crítica teórica** contra este sistema, intentando demostrar que **o capitalismo debe ser substituído por un novo sistema, máis xusto e máis humano.**




# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial

- Os teóricos e intelectuais que levantan a voz contra esta situación son moitos destacando:
  - *Socialistas utópicos franceses*
  - *Anarquismo* (Bakunin)
  - *Marxismo*.
- Serán sistemas filosóficos que **xa non pretenden só analizar o mundo**, a realidade, **senón** como dirá Marx na tese once sobre Feuerbach, **transformalo**, cambialo por un mundo mais xusto e máis humano.




Henri de Saint - Simon



Mijail Bakunin


# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial. O anarquismo de Bakunin



- **Abolición do Estado e da Igrexa:** consideradas como as dúas principais ferramentas de opresión que manteñen ao pobo na ignorancia e a servidume.
- **Anarcocolectivismo:** A propiedade dos medios de produción (terras, fábricas, ferramentas) debía ser colectiva, non estatal nin privada. Os traballadores organizaríanse en asociacións voluntarias e federacións produtivas, recibindo o produto do seu traballo **dacordo con o seu mérito**.
- **Liberdade absoluta e Solidariedade:** A liberdade individual só pódese alcanzar a través da liberdade colectiva.
- **Ateísmo e materialismo:** A relixión impón un ser superior que converte ao home en escravo. Na súa obra "Divos e o Estado", afirmaba que se Deus existise, habería que abolilo, xa que a relixión nega a liberdade e a dignidade humana.

# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial. O anarquismo de Bakunin

NON ENTRA NO EXAME



- **Revolución social desde abaixo:** Bakunin rexeitaba a "ditadura do proletariado" (Marx) e calquera enfoque estatista do socialismo. Cría nunha revolución espontánea e revolucionaria das masas (incluídos campesiños e desempregados), organizada desde abaixo cara arriba, baseada na libre federación --> (influencia en Lenin)
- **Rexeitamento á política parlamentaria:** Calquera forma de goberno, incluso a elixida por voto popular, termina corrompéndose e mantendo o poder privilexiado.
- **Igualdade económica e social:** Reivindicaba a igualdade de sexos, a abolición das clases sociais e a igualdade de medios de subsistencia, educación e oportunidades para todos desde o nacemento.



Bakunin **influíu** decisivamente nos **movementos sindicais e sociais** do **século XX** ao **fomentar a organización dos traballadores en federacións voluntarias** e a **acción directa**.

Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial. O anarquismo de Bakunin

NON ENTRA NO EXAME

**Nun mundo anárquico, podería haber leis?**



# Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial. O anarquismo de Bakunin


NON ENTRA NO EXAME

- Sí, Bakunin non promove unha sociedade sen lei, senón unha sociedade na que as **leis fosen froito dun acordo voluntario** e non por unha autoridade imposta.
- Este acordo voluntario e libre **impón unha responsabilidade** para sí mesmo e para a comunidade.
- Bakunin sostiña que o **crime é froito da desigualdade e a ignorancia.** **Solucionando isto a maioría dos delitos desaparecerían.**
- En calquer caso, se algún cidadán cometía un crime sería sometido a **reprobación moral** da comunidade, sendo a **comunidade** a que busque -de xeito colectivo- a **solución e reparación ao crime.**



# Contexto filosófico: Introducción

- Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)
  - Introducción:
    - *A Revolución Industrial.*
    - *Vida e obras* ←
  - Críticas:
    - Socialismo utópico francés
    - Idealismo alemán:
      - Crítica a Hegel
        - Crítica a Feuerbach
    - Liberalismo económico



# Karl Marx. Vida e obras

- **Karl Heinrich Marx** naceu o 5 de maio de **1818** en **Tréveris**, en Alemaña.
- Aínda que a súa familia era **de orixe xudeu convertéranse ao protestantismo no 1824**.
- Nesa cidade cursou Marx os seus estudos de Bacharelato, comezando logo os seus estudos universitarios en Bonn, que proseguiría en Berlín, onde se dedicou ao estudo da historia e da filosofía, nunha época na que a **influencia do pensamento hegeliano era predominante**.
- Marx terminaría os seus estudos en 1841, cunha tese de doutoramento sobre a filosofía de Epicuro.




# Karl Marx. Vida e obras

- En **Berlín** entrou en contacto cos chamados "**Xoves hegelianos**", facéndose socio do *Club de Doutores*. Desa época data a súa amizade con **Bruno Bauer**, un dos membros destacados do club.
- En 1842 comezou a súa colaboración coa **revista Gaceta Renana**, actividade que o puxo en contacto directo cos **problemas políticos e sociais da época en Alemaña --> xiro no pensamento de Marx --> actitude crítica ante a teoría do Estado de Hegel**.
- A raíz do peche da revista, en 1843, censurada polas autoridades, Marx trasládase a París, onde colaborará con Arnold Ruge nos "Anais franco-alemáns", revista da que se chegaría a publicar un só número, na que publicará a súa "**Crítica da filosofía hegeliana do Dereito**".



CRÍTICA DE LA FILOSOFÍA  
DEL DERECHO DE HEGEL

KARL MARX



Ediciones del **1842**

# Karl Marx. Vida e obras


- En París entrará en contacto co **movemento socialista francés**, a través de **Proudhon e Louis Blanc**, dous dos seus destacados líderes, coñecendo tamén ao **anarquista ruso Bakunin**.
- Nesa época iniciará os seus **estudos da economía política inglesa**, somerxéndose na obra de **Adam Smith e Ricardo**, o que supoñerá un novo xiro no seu pensamento.
- En 1844 iniciou de novo contacto con **F. Engels** iniciándose unha colaboración duradeira entre ambos, que dará o seu primeiro froito en 1845, coa publicación de **"A sagrada familia"**, unha obra crítica en contra das posicións idealistas defendidas por Bruno Bauer e os seus seguidores.



AKAL / BÁSICA DE BOLSILLO


## LA SAGRADA FAMILIA

KARL MARX  
FRIEDRICH ENGELS



# Karl Marx. Vida e obras

- En 1845 Marx foi expulsado de Francia, trasladándose a **Bruxelas**.
- Alí continuará a súa actividade política e intelectual, plasmada nas coñecidas "**Teses sobre Feuerbach**" e en "**A ideoloxía alemá**", escrita esta en **colaboración con Engels**, e que non será publicada ata 1932, pero que contén xa os **elementos fundamentais da concepción materialista da historia**.
- En 1847 asóciase á **Liga Comunista**. De novo en colaboración con Engels, redacta os principios e obxectivos da mesma, recollidos no coñecido "**Manifesto comunista**", que sería publicado en Londres en **1848**. Ese mesmo ano comeza unha ondata de revolucións en Europa.
- A Marx expulsárono de Bélxica, onde se temía o éxito da revolución. Marx e Engels deciden **regresar a Alemaña**, para **participar na revolución** que se producía alí, e que se saldará cun **fracaso**. Tralas derrotas das insurreccións de maio de 1849 trasladáronse de novo a París, pero será novamente expulsado de Francia, en 1849, polo que se dirixirá a Londres, onde establecerá a súa residencia.



K. MARX & F. ENGELS


## MANIFIESTO COMUNISTA

MANIFEST DER KOMMUNISTISCHEN PARTEI



# Karl Marx. Vida e obras

- En **Londres** desenvolverá unha intensa actividade intelectual, (son coñecidas as súas intensas sesións de traballo na biblioteca do Museo Británico), que o levarán á realización da súa obra cume, "**O capital**". En 1859 publica, como froito dos seus traballos sobre economía, a "Contribución á crítica da Economía política", onde expón a súa teoría do valor, que se converterá na pedra angular dos seus estudos sobre o capital.
- Non obstante, Marx non deixa completamente á marxe a súa actividade política no movemento comunista internacional, da que será unha mostra a súa **participación na creación, en 1864, da AIT (Asociación Internacional de Traballadores), que sería coñecida tamén como a Iª Internacional**. As diverxencias na AIT cos anarquistas, así como cos socialistas franceses e alemáns, saldarse co que se considerou un fracaso político para Marx.



# Karl Marx. Vida e obras

- En 1871, trala revolución (resultado da derrota francesa na guerra *franco-prusiana*) que leva á **Comuna de París**, Marx organiza manifestacións de apoio e escribe "**A guerra civil en Francia**", que interpreta a *Comuna* como o primeiro intento para instituír a ditadura do proletariado.
- Características principais:
  - Goberno dirixido por obreiros e sectores populares.
  - Intento de autoxestión e democracia directa.
  - Separación Igrexa-Estado.
  - Medidas sociais a favor dos traballadores.



Marx

La guerra civil  
en Francia

Arrigo Cervetto  
La forma política descubierta finalmente

éditions Science  
Marxiste  
ediciones Ciencia Marxista

biblioteca jóvenes

# Karl Marx. Vida e obras

- Falece o 14 de marzo de 1883, sendo enterrado no cemiterio londiniense de Highgate.



# Contexto filosófico: Introducción

- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**

- **Introducción:**

- *A Revolución Industrial.*
- *Vida e obras*


- **Críticas:**

- **Socialismo utópico francés** ←

- **Idealismo alemán:**

- Hegel
- Feuerbach

- **Liberalismo económico**



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao Socialismo Utópico Francés.

- O **socialismo utópico francés** foi unha corrente de pensamento social e político que xurdiu a  **finais do século XVIII e principios do XIX**, antes do desenvolvemento do socialismo científico de Marx e Engels.
- As súas **características** máis destacables son:
  - **Crítica ao capitalismo**: Denunciaban a explotación e as desigualdades xeradas pola Revolución Industrial. Con todo, Marx non vai ver malo en si o triunfo do capitalismo, simplemente sostén que é unha consecuencia necesaria do desenvolvemento histórico.



Pierre - Joseph Proudhon

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao Socialismo Utópico Francés.

- Visión idealista: Propoñían modelos de **sociedades perfectas** baseados na razón, a moral e a harmonía social, sen explotación nin pobreza, baseadas na **cooperación e a igualdade, pero sen un plan concreto para alcanzalas** mediante a loita política ou revolucionaria.



**Marx e Engels criticarán isto** duramente afirmando que a "realidade non pode ser cambiada mediante bos desexos ou a moral"


# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao Socialismo Utópico Francés.

- Características



**Ausencia de análise histórica e materialista:** Os socialistas utópicos non entenden os conflitos sociais como resultado de loitas de clases, senón como **fallos morais ou de organización.**

**o Métodos pacíficos e reformistas:** Crían que as elites podían ser persuadidas para implementar cambios sociais. Crían que a reforma social era posible a través da boa vontade.



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao Socialismo Utópico Francés.

- Pola súa **falta de realismo e de comprensión das dinámicas de clase, Marx e Engels chamáronos "utópicos"** en contraposición ao seu **"socialismo científico"** o cal **investiga as causas socio-económicas e históricas da situación de inxustiza que se vive, para así fundamentar a necesidade da revolución e con ela a transformación da sociedade.** A pesar de todo, sentaron as bases para o desenvolvemento posterior do socialismo e o comunismo.

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao Socialismo Utópico Francés.

- Principais representantes:
  - o **Pierre Joseph Proudhon**: Foi o menos utópico. É famoso pola súa frase: “A propiedade é un roubo”, coa que criticaba a propiedade privada cando permitía a explotación. Defendía unha sociedade baseada na autogestión, o mutualismo e a cooperación entre traballadores, sen Estado central forte.
  - o **Henri de Saint-Simon** (1760 - 1825): Propuxo unha sociedade dirixida por científicos, industriais e técnicos, onde o traballo fose o valor central.
  - o **Charles Fourier** (1772 - 1837): Imaxinou comunidades autosuficientes chamadas *falansterios*, onde las personas viviran en armonía coas súas pasións e habilidades.

# Contexto filosófico: Introducción


- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**

- **Introducción:**

- *A Revolución Industrial.*
- *Vida e obras*

- **Críticas:**

- **Socialismo utópico francés**
- **Idealismo alemán:** ←
- **Crítica a Hegel**
  - **Crítica a Feuerbach**
- **Liberalismo económico**



# Idealismo Alemán

- Os idealistas alemáns admiran a Kant, pero consideran que seu quedou a "medio camiño" no seu análise da realidade e rexeitan a división entre fenómeno e noumeno.
- Para o idealismo alemán **a división entre suxeito e obxecto é artificial** e a realidade só é unha universal.



**"NOOOOOO!!!!  
YOU CAN'T SAY  
THAT!!! IT WILL  
OFFEND  
PEOPLE!!!"**



**"IF THE TRUTH  
SHALL KILL  
THEM, LET  
THEM DIE."  
- KANT**

NON ENTRA NO EXAME


# Idealismo Alemán

Para os idealistas, a realidade redúcese a pensamento, idea, espírito. A esencia humana é o *logos*, razón, pensamento fronte á súa dimensión corpóreo-material.

**J.G.Fichte:** Todo o que existe é produto da actividade do *Eu* absoluto. A natureza (non-eu) é unha proxección da nosa mente.



**A.Schopenhauer:** O fenómeno é *representación*. O mundo que percibimos non é a realidade en sí, senón unha construción da nosa mente sometida ao espazo, tempo e causalidade. O *noúmeno* é vontade cega e irracional coñecible a través da nosa experiencia interna



"Relixión da arte"

**F.Schelling:** "Noúmeno e fenómeno son dúas caras dunha mesma moeda o **Absoluto**." O absoluto ten dous polos: se miras a conciencia é o espírito, se miras a materia é natureza.



**G.W.F.Hegel:** A distinción entre fenómeno e *noúmeno* é só unha etapa no desenvolvemento do coñecemento humano



O noúmeno é incognoscible




# G.W.F. Hegel

NON ENTRA NO EXAME

- Hegel é un filósofo de dimensións titánicas cuxa obra abarca desde **a natureza do coñecemento e a realidade ata a ética e a política** a través de obras como a *Fenomenoloxía do espírito* ou os *Principios da filosofía do dereito*, ademais de numerosas «leccións» que, en realidade, eran as súas clases.
- Hegel **estudará a filosofía antiga**, especialmente aos presocráticos como **Heráclito** do cal tomará as ideas do **dualismo dos contrarios**, o **conflito como motor de cambio e o devir**.


“Todo o que é real é racional, e todo o racional é real”



# G.W.F. Hegel

NON ENTRA NO EXAME

- Hegel é considerado o **culminador da filosofía moderna e da corrente idealista**.
- A pesar da dificultade da súa filosofía, tivo un enorme éxito.
- Ademais **a partir del**, ben continuando ben criticándoo **xurdirá a filosofía contemporánea**.
- Hegel terá unha **gran influencia** en -prácticamente- todos os filósofos de lingua non inglesa como **Marx** ou **Schopenhauer** (o cal non o soportaba), **Nietzsche** ou **Kierkegaard**.




Akal / Arte y estética

tecnos

# G.W.F. Hegel

- Hegel tenta chegar a unha **comprensión da realidade total identificándoa co absoluto** («Idea»), do cal a natureza e o espírito non son senón dúas formas sucesivas.
- A **Idea absoluta desenvólvese a si mesma** polo triplo proceso dialéctico de **tese, antítese, síntese**. Pasa por tres etapas:
  - Nunha relación consigo mesma («espírito subxectivo»)
  - En forma da realidade do mundo producido por ela («espírito obxectivo»)
  - En forma da unidade en si e por si («espírito absoluto»)






# G.W.F. Hegel. A dialéctica Hegeliana

NON ENTRA NO EXAME

- Aplicada á conciencia humana a **dialéctica** concíbese como o **movemento de pensar**.
- Cada idea (ou concepto) ten unha negación interna, e a través deste proceso de negación, a idea evoluciona e desenvólvese cara a unha **terceira forma de pensamento que supera e conserva as dous anteriores**.
- Este é o mecanismo dialéctico polo cal **as ideas se desenvolven**, e denomínase "**Aufhebung**" (superación).




# G.W.F. Hegel. A dialéctica Hegeliana

NON ENTRA NO EXAME

O movemento dialéctico ten tres momentos:

- 1. **Tese** → É unha afirmación inicial. Nesta fase, unha idea está presente na súa forma máis simple. (por exemplo: *ser*).
- 2. **Antítese** → É a negación da tese. Esta negación non é simplemente unha destrución da tese, senón unha resposta crítica a ela, que revela as súas limitacións ou contradicións. A antítese, por tanto, é unha resposta conflitiva ou unha oposición. (por exemplo: *nada*). Para Hegel nada existe sen o seu oposto.
- 3. **Síntese** → A síntese é unha superación tanto da tese como da antítese. Non elimina a tese nin a antítese, senón que as inclúe e reconcílias dunha maneira máis rica, superando as contradicións da tese e a antítese e levándoas a un novo nivel. (*devir*, o ser como resultado do paso da nada ao ser e como paso do ser á nada).



# G.W.F. Hegel. A dialéctica Hegeliana

NON ENTRA NO EXAME

Lóxica

Síntese

**devir** = paso do ser á nada e viceversa

Tese

(Ser)

Antítese

(nada = non ser)

Bioloxía

Síntese

**Auga 2.0** = A auga vólvese vapor aos 100°

Tese

(Auga, líquida)

Antítese

(vapor, non líquida)

Ética

Síntese

**adulto** = acepta algunas e cuestiona / nega outras

Tese

(neno, acepta todas as normas)

Antítese

(adolescente = rexeita todas as normas)




# G.W.F. Hegel. A Historia.

NON ENTRA NO EXAME

- A historia é un proceso racional de desenvolvemento, mediante o cal podemos entender a nosa natureza e lugar no mundo, nun progreso da conciencia da liberdade humana.
- Hegel afirma que **o lugar que un individuo ocupa na historia, condiciona a súa maneira de pensar**.
- Observando a historia desde as **antigas civilizacións chinesas e persa** (onde só o monarca é libre), pasando polos gregos (comezan a desenvolver un pensamento libre), a reforma protestante (clave xa que a salvación pasa a ser alcanzable individualmente) e a revolución francesa (que implica que a razón pode ser a vía absoluta á liberdade).

LIBERDADE

Antigas civilizacións: Só o rei é libre



Grecia: O pensamento é libre



Reforma protestante: Todos somos "libres" para salvarnos



Revolución francesa: A razón nos fará libres.




# G.W.F. Hegel. A Historia.

NON ENTRA NO EXAME

- Cada momento histórico posúe a semente do seguinte que se alcanzará a través da superación das contradicións que se van xerando en cada etapa → a historia é unha manifestación do proceso dialéctico.
- Exemplo: Transición a Idade Moderna
  - **Tese**: Orde feudal. A nobreza obtén os seus privilexios da propiedade privada da terra obtidos por nacemento. Posúen dereitos e liberdades pero non capital.
  - **Antítese**: A burguesía. Obtén os seus privilexios do mérito, o comercio e a artesanía/industria. Posúen capital pero non dereitos e liberdades.
  - **Síntese**: O estado liberal, con propiedade privada, estado todavía xerárquico (co rei na cúspide) pero liberdades e dereitos naturais e privilexios adquiridos polo esforzo.

# G.W.F. Hegel. A historia.





## HISTORIA


Obras representativas ..... *Lecciones sobre la filosofía de la historia*  
 Nota ..... según Hegel, las tres etapas de la realización de la libertad humana son el mundo oriental, el mundo griego y romano, y el mundo alemán, que es la fase concluyente

Kant mantiene que la libertad (autonomía, p. 169) consiste en hacer coincidir la propia máxima (p. 168) con la ley moral (p. 164) y ponerla en práctica. Sin embargo, según Hegel, la libertad no tiene que ver solamente con la conciencia individual y, si no se realiza concretamente en una comunidad real, no tiene sentido. Hegel defiende que el proceso dialéctico (p. 174) mediante el que se realiza la libertad es la historia.

**LA HISTORIA SEGÚN HEGEL**  
 Hegel afirma que la "historia" es el proceso de desarrollo que conduce a los humanos a la libertad



Hegel mantiene que el principio de desarrollo de la historia es la conciencia que tienen los seres humanos de su libertad y, por tanto, la realización del espíritu absoluto (p. 173). Además, sostiene que esta conciencia se abre camino a través de la historia –desde la época en que solo unos pocos seres humanos son libres hasta cuando todos lo son– y, finalmente hará nacer instituciones sociales que podrán encarnar la eticidad (p. 178).



# G.W.F. Hegel. Idea de Estado.

NON ENTRA NO EXAME

- Hegel sostén que o **Estado é a forma máis alta do espírito obxectivo**, porque é a **totalidade racional** na que se **reconcilian**:
  - A liberdade individual (vontade subxectiva),
  - As leis universais (a racionalidade obxectiva),
  - Ben común.



# G.W.F. Hegel. Idea de Estado.

NON ENTRA NO EXAME

- O **Espírito** de Hegel non se refire só a un ente abstracto, senón á **conciencia colectiva da humanidade**, que se vai desenvolvendo e expandindo na historia. A humanidade non avanza só en tecnoloxía ou institucións, senón **na conciencia da liberdade**. A medida que o **Espírito progresa** a través do tempo, **vai tomando forma en institucións sociais, políticas, culturais e éticas**.



O Estado é, polo tanto, non só unha institución política, senón a encarnación real da liberdade racional.

# G.W.F. Hegel. Idea de Relixión.

NON ENTRA NO EXAME


Hegel afirma que **a relixión e a filosofía falan do mesmo: a idea absoluta ou Deus.**

Sen embargo Hegel afirma que a filosofía é unha superación (aufhebung) dialéctica da relixión, sendo esta unha antesala da filosofía.

A maior diferenza está en que -segundo Hegel- a relixión para representar a idea se basea na *linguaxe representativa* (arte, mitos) e a filosofía a través do **concepto** (pensamento racional e especulativo).

**Relixión natural**

(baseada na natureza)




**Relixión da arte**

(baseada na forma humana)



**Relixión revelada**

(cristianismo. A máis perfecta. Permite ao espírito divino coñecerse a sí mesmo a través do espírito humano)




**Filosofía**



# Contexto filosófico: Introducción

- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**
  - Introducción:
    - *A Revolución Industrial.*
    - *Vida e obras*
  - Críticas:
    - Socialismo utópico francés
    - Idealismo alemán:
      - **Crítica a Hegel** ←
      - Crítica a Feuerbach
    - Liberalismo económico



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel.

En liñas xerais, para Marx, **Hegel representa o cume do pensamento cristián - burgués** xa que **condensa** en forma filosófica a:

- ***Lóxica do cristianismo***
- ***Orde burguesa (aceptación do estado e da propiedade privada)***



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao cristianismo.

Marx criticará duramente dous elementos clave na súa realidade social: A **relixión** (cristiá en particular) e a *orde burguesa*.

- A ***lóxica do cristianismo*** se basea -segundo Marx- en:
  - ***Idealismo***
  - ***Alienación***
  - ***Reconciliación espiritual***

"A **relixión** é o suspiro da criatura oprimida, o corazón dun mundo sen corazón, así como é o espírito dunha situación carente de espírito. **É o opio do pobo.**"

*Contribución á crítica da filosofía do dereito de Hegel.* Karl Marx.

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao cristianismo.

NON ENTRA NO EXAME

- **Idealismo.** Marx critica o idealismo cristián porque:

- Invirte a orixe da realidade.



O idealismo pensa que as **ideas**, o espírito ou **Deus (no caso cristián)** son os creadores da realidade material.



Marx afirma que é ao revés, **é a realidade material** (traballo, comida, vivenda) **a que crea as nosas ideas.**


- **Invirte a realidade:**



O cristianismo di que este mundo é pasaxeiro, mentres que a “verdadeira” está no ceo.



Marx nega a dualidade de mundos.




# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao cristianismo.

NON ENTRA NO EXAME

- **Alienación** (do home con respecto a Deus):  
Marx considera que -ao igual que Feuerbach- que **Deus é un invento humano** no que, a través dunha figura abstracta (Deus), **proxectou as súas mellores calidades** (bondade, xustiza, amor) e logo sentiuse pequeno e humillado.

Marx viendo como críticas el capitalismo desde facebook



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao cristianismo.

NON ENTRA NO EXAME

- **Reconciliación espiritual:** Marx considera a relixión como un analxésico fronte os conflitos sociais debido a que:
  - **Intenta resolver os problemas sociais de xeito imaxinario:**
    - ✝ “Aínda que sexas pobre ou escravo podes estar en paz con Deus”.
    - 🐕 Isto é unha trampa ideolóxica, xa que anima ao ser humano a seguir sofrendo en lugar de impulsalo a cambiar as condicións que causan o seu sufrimento.
  - **Falsa igualdade**
    - ✝ “Todos somos fillos de Deus”
    - 🐕 Esa igualdade é puramente espiritual (e polo tanto idealista). No mundo real o burgués segue explotando ao proletario.
  - **Reconciliación noutra vida**
    - ✝ A maior recompensa é a vida eterna, onde todos seremos iguais como fillos de Deus.
    - 🐕 A suposta “reconciliación” dos oprimidos cos opresores prodúcese noutra vida, polo que o cristianismo elimina a necesidade dunha revolución social no mundo real.


# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao cristianismo.

NON ENTRA NO EXAME

- Pese a todas as súas críticas, **Marx nunca animou a destrución da relixión**, senón que a consideraba como unha consecuencia / síntoma das desigualdades sociais (enfermidade).
- O sofrimento provocado polas desigualdades sociais era canalizado a través da relixión que o mitigaba.
- Marx afirmaba que **ao acabar coas desigualdades sociais (enfermidade) xa non sería necesario o analxésico (relixión)** polo que se acabaría extinguindo, convertíndose nunha lembranza do pasado.

"A **relixión** é o suspiro da criatura oprimida, o corazón dun mundo sen corazón, así como é o espírito dunha situación carente de espírito. **É o opio do pobo.**"

*Contribución á crítica da filosofía do dereito de Hegel. Karl Marx.*



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao Idealismo Hegeliano.

- Primeira crítica: **Crítica ao idealismo**



Para Hegel a auténtica realidade é espírito, conciencia


---



O idealismo *hegeliano* leva a unha concepción abstracta e teórica da natureza humana, ao reducir ao home a autoconciencia.

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao Idealismo Hegeliano.

- Marx chega a súa **concepción materialista do real e do ser humano**.
- Para o autor alemán a dimensión fundamental do ser humano é a materia (empírica, entendida como un ser con necesidades biolóxicas que precisa cubrir), a praxe que Marx identifica fundamentalmente co **traballo**.



"Debemos comenzar sinalando que a primeira premisa de toda existencia humana e, por tanto, de toda historia, es que os homes se atopan, para 'facer historia', en condicións de poder vivir. **Agora ben, para vivir é necesario ante todo comida, bebida, vivienda, roupa e algunhuas cosas máis**".

*A ideoloxía Alemá, Karl Marx e Friedrich Engels*

## Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao Idealismo *hegeliano*.

- **O ser humano é un ser activo** que se realiza:
  - o Na súa *praxe produtiva* (traballo)
  - o Na súa *praxe política ou revolucionaria* (orientada ao cambio nas condicións materias de vida.)
- **O marxismo propondrá a superación da filosofía como interpretación ou teoría** ó afirmar que a filosofía non debe ser só teoría senón e ante todo praxe.

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao estado *hegeliano*.

- Segunda crítica: Xustificación do estado e das desigualdades sociais.

- “**Todo o real é racional e todo o racional é real**”. (*Líneas fundamentais da filosofía do dereito*, 1821 G.W.F. Hegel)

- O **estado é a forma máis alta do espírito obxectivo**, porque é a **totalidade racional** na que se **reconcilian** a liberdade individual + leis universais + ben común.

- Se todo o real é racional, isto implica que debemos asumir á realidade tal e como é, coas súas desigualdades e o sufrimento que causan. Isto é inaceptable. Marx acusa a Hegel de **lexitimar a orde social e política existente**. **É necesario transformar a realidade** a través de revolucións para acabar coas condicións de miseria do proletariado e a irracionalidade do modelo actual.

- **O estado só serve para defender os intereses de clase dos poderosos**



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica ao estado *hegeliano*.

**Hegel**

(“Todo o real é racional e todo o racional é real”)

**Dereita Hegeliana ou vellos  
*hegelianos***

(“Se todo o real é racional, debemos aceptar a realidade tal e como é”).  
(Conradi, Göschel, Gabler)

**Esquerda Hegeliana ou novos  
*hegelianos***

(A realidade non é racional. O estado e a relixión son formas de alienación que deben ser superadas para acadar a verdadeira liberdade humana)  
(Stirner, Bauer, Marx, Feuerbach)

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica á concepción histórica *hegeliana*.

- Cuarta crítica: Crítica á concepción histórica *hegeliana*



- A historia é o resultado do progreso da **conciencia sobre a liberdade** na autoconciencia humana.

- A historia é a consecuencia de:

- As **relacións de produción** (quen controla os medios de produción, quen produce...)
- **Relación do home coa natureza** (explotación de recursos, etc.)
- **Relación con outros homes** (loita de clases)
- **As ideas dominantes son as da clase dominante**
- **O motor do cambio a revolución.**



“En definitiva, esta concepción chega á conclusión de que a **forza motriz da historia**, así como da relixión, a filosofía e demais formas de teoría, non é a crítica, senón a **revolución**. A mosca que a historia **non termina disolvéndose na autoconciencia** como *espírito do espírito*, senón que se atopa en cada unha das súas etapas un resultado material, unha suma de **forzas de produción**, unha **relación creada** historicamente coa **natureza** e dos **individuos** entre sí que é transmitida a cada xeración pola súa predecesora.

*A ideoloxía alemá, Fierbach, Karl Marx*

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel. Crítica á filosofía *hegeliana* como filosofía teórica.

- Cuarta crítica: Crítica á filosofía *hegeliana* como meramente teórica.
- A filosofía *marxista* é unha **filosofía teórica** na medida en que:
  - **Realiza unha análise da realidade social e histórica**
  - **Crítica a filosofía do momento:**
    - Idealismo de Hegel
    - Materialismo mecancista de Feuerbach
  - **Crítica da ideoloxía económica e política do capitalismo.**
- Ademais é unha **filosofía práctica** (praxe) xa que as análises teóricas **inclúen un proxecto político encamiñado a transformar a realidade social** mediante a toma de conciencia da situación de explotación na que vive a clase do proletariado e a posterior revolución social.


# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Hegel.

A crítica de Marx diríxese -en xeral- contra toda a filosofía *hegeliana*, posto que é a máxima expresión da filosofía como teoría, como mera especulación.



# Contexto filosófico: Introducción


- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**
  - Introducción:
    - *A Revolución Industrial.*
    - *Vida e obras*
  - Críticas:
    - **Socialismo utópico francés**
    - Idealismo alemán:
      - Crítica a Hegel
      - **Crítica a Feuerbach** ←
    - Liberalismo económico



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

NON ENTRA NO EXAME

- **Estuda** en Berlín con **G.W.F. Hegel**. Aínda que comezou como un *novo hegeliano*, acabou rompendo co seu mestre.
- **O Xiro cara ao Materialismo:**
  - A súa obra máis famosa, *A esencia do cristianismo* (1841), supuxo unha revolución intelectual. Nela argumentaba que a **relixión non é unha revelación divina, senón unha proxección dos desexos e calidades humanas nun ser imaxinario** (Deus).
  - "*O home é o que come*": Esta famosa frase resume a súa postura materialista radical, centrada no corpo e nos sentidos en lugar das ideas abstractas. Reduce **os procesos mentais e espirituais a simples funcións fisiolóxicas** --> o ser humano é visto como un obxecto que reacciona aos estímulos do mundo exterior (mecanicismo materialista), pero non como un suxeito que transforma activamente ese mundo.



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

- Marx inicialmente aliñárase coas teses de Ludwig Feuerbach:
  - **Crítica á relixión:** Deus non existe como ser real, senón que é unha proxección das calidades humanas idealizadas (amor, xustiza, poder). **A teoloxía é, en realidade, unha antropoloxía encuberta.**
  - **Humanismo:** Propuxo unha filosofía centrada no ser humano concreto, sensible e social. O home debe reencontrarse consigo mesmo ao recuperar as calidades que proxectou no divino.
  - **Materialismo e sensualismo:** Defendeu que o coñecemento provén dos sentidos e que o espírito humano está arraigado no corporal e o natural, afastándose do idealismo de Hegel.

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

- Marx reconece a súa achega ao romper coa relixión e o idealismo hegeliano, pero considera que queda a medio camiño: Feuerbach fai unha crítica contemplativa e abstracta da realidade.

"O defecto fundamental de todo materialismo anterior [...] é que concibe a realidade, a sensibilidade, só baixo a forma de obxecto ou de contemplación, pero non como actividade humana sensible, como práctica." (*Tese sobre Feuerbach* nº 1, Karl Marx)

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

## Críticas de Marx a Feuerbach:

- 1. Materialismo mecanicista pasivo e contemplativo:



Feuerbach propón un materialismo "naturalista", centrado no ser humano como ser sensible e biolóxico.




Marx: **non basta con describir ao ser humano tal como é, hai que entender como se produce a si mesmo na práctica social e histórica.**



Materialismo de **carácter mecanicista**: a natureza, incluída a humana, explícase por medio de causas mecánicas polo que **é imposible a liberdade e que o ser humano sexa o suxeito dos cambio**, o dono do seu destino.




**Feuerbach non concibe ó mundo coma un proceso**, coma unha materia suxeita a desenvolvemento histórico. **O ser humano é considerado como un ser teórico**, contemplativo e non como activo-práctico. O ser humano tería só como función a contemplación teórica da natureza (o que fixo ate o de agora a filosofía) e **non é considerado coma un ser que actúa coa natureza transformándoa (Praxe)**. Feuerbach caería así para Marx nun certo **idealismo**.



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

## • 2. Non transforma o mundo

- Marx afirma que Feuerbach quere interpretar o mundo, pero non cambialo. Feuerbach non entende que o cambio só é posible a través da práctica e a transformación das condicións materiais.



**“Os filósofos simplemente interpretaron o mundo de diversos modos, do que se trata é de transformalo”**

*Tese once sobre Feuerbach,  
Karl Marx.*

# Contexto filosófico: Introducción. Crítica a Feuerbach (1804-1872)

- Marx deixará claro que a **esencia humana** é o **traballo** e o seu **cometido na vida e na historia** é a súa **dimensión práctica transformadora da natureza** (da que forma parte inseparable) e **político-transformadora ou revolucionaria**.
- A crítica a Feuerbach aparece nas súas ***Teses sobre Feuerbach*** (a máis famosa é a tese once).



# Contexto filosófico: Introducción

- **Século XIX: Filosofía contemporánea (XIX - XX)**


- **Introducción:**

- *A Revolución Industrial.*
- *Vida e obras*

- **Críticas:**


- Socialismo utópico francés
- Idealismo alemán:
  - Crítica a Hegel
  - Crítica a Feuerbach

- **Liberalismo económico**



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao liberalismo económico.


- A comprensión da filosofía marxista pasa, ademais das referencias imprescindíbeis ao idealismo de Hegel e ao Materialismo de Feuerbach, por explicar a **influencia da economía política inglesa** (liberalismo). Os seus representantes máis destacados son **Adam Smith** (1723 - 1790) e **David Ricardo** (1772 - 1823).
- Nas análises económicas marxistas veremos reflectidas diversas teorías tomadas dos economistas clásicos, Adam Smith e David Ricardo en especial **análise da mercadoría e da plusvalía**.
- **Características principais do liberalismo**.
  - O **elemento decisivo** na creación do **valor dunha mercadoría** é o **traballo** (tempo).
  - A nivel económico supón a **non intervención do Estado na economía**: “laissez faire, laissez passer”.
  - A **nivel político** resalta a **liberdade do individuo por medio de garantías políticas: división de poderes, sufraxio universal, tolerancia relixiosa**, etc. O etc. O liberalismo pretende salvagardar a liberdade e a igualdade dos individuos opóndose a calquera despotismo.



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao liberalismo económico.

NON ENTRA NO EXAME

- **Adam Smith**, na súa obra *A riqueza das nacións* (1776) sostén que:
  - Existe unha **orde natural** froito dunha providencia divina.
  - Esta **orde garante** que os intereses individuais concorden cos da **sociedade**.
  - Isto implica que **se debe deixar ao individuo total liberdade para conseguir os seus intereses**, xa que estes van concordar cos da **sociedade** e, por tanto, contribuír ao benestar social, ao desenvolvemento e á prosperidade.
  - O **estado non debe intervir na economía** (laissez - faire).
  - **A economía debe rexerse polo libre xogo da oferta e a demanda.**



# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao liberalismo económico.

NON ENTRA NO EXAME

- **David Ricardo**, na súa obra *Principios da economía política* (1817) establece a chamada **Lei de Bronce / Lei de ferro** dos salarios no que postula que:
  - Os salarios dos traballadores deben limitarse a garantir a súa subsistencia, xa que elevar os salarios tería como consecuencia o encarecemento de produtos e a consecuente **inflación**, facendo inútil a suba.
  - A **non subsistencia dos traballadores** provocará que mais cedo que tarde haxa **escasez de man de obra**, polo que os **salarios aumentarán**. Isto implica que é imprescindible que os traballadores poidan cubrir as súas necesidades vitais e evitar procesos inflacionarios.



Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao liberalismo económico.

NON ENTRA NO EXAME

**Habería algún tipo de problema nun país sen ningunha intervención estatal no ámbito económico?**




# Contexto filosófico: Introducción. Crítica ao liberalismo económico.

- Críticas do *marxismo* ao liberalismo económico e político:
  - A “**igualdade**” (a nivel político) non é máis que **teórica** (dereito ó voto, liberdade de expresión, igualdade ante a lei, etc.), **pero na práctica subsisten as desigualdades tanto sociais coma económicas ou culturais**. Os marxistas denuncianque a liberdade e a democracia do sistema capitalista só é formal pero non real.
  - O **liberalismo sería así un instrumento de dominación** dunha clase sobre outra: sería a **ideoloxía da burguesía**.
  - A **burguesía** pretende presentar como **ideal e inevitable o sistema capitalista** sendo -en realidade- unha ideoloxía que enmascara e xustifica a situación de explotación do proletariado.
  - Marx intenta explicar a **orixe da propiedade** (base del sistema capitalista) postulando a **alienación do traballo humano** como orixe.




# Karl Marx. Introducción a súa obra

- **Introducción a súa obra** ←
- 0 positivismo



# Karl Marx. Introducción a súa obra

- Toda esta análise/crítica marxista responderá a:
  - Unha **consideración ontolóxica** (da realidade) distinta: **materialista** (o material, o empírico como causa do ideal e espiritual)..
  - Unha **función práctica** da filosofía (transformar a realidade) cun *telos* (finalidade) común á historia da filosofía: **a consecución dun mundo mellor.**




# Karl Marx. Introducción a súa obra

- Os **elementos principais** da súa obra son:
  - A súa **antropoloxía** e o concepto de **alienación**
  - A análise da historia coñecido como **materialismo histórico**
  - O seu análise económico, en particular, seu estudio do **sistema capitalista como un sistema de explotación**.
- Podemos considerar ao **marxismo como a filosofía máis influínte na nosa historia recente** ao converterse no símbolo da loita contra a explotación e plasmarse nas revolución que tiveron lugar en Europa, Asia e nos movementos de liberación latinoamericanos así como en revolucións e movementos descolonizadores en África e Asia.



# Karl Marx. Introducción a súa obra

- Introducción a súa obra
- **O positivismo** ←



# Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.

NON ENTRA NO EXAME

- O **positivismo** foi unha das correntes filosóficas dominantes na segunda metade do século XIX ata, aproximadamente, o principio da *Primeira Guerra Mundial*.
- O positivismo **analiza a historia e a sociedade** como suxeita a **leis semellantes ás naturais** que serven para **coñecer mellor o presente e imaxinar o futuro, é dicir predicir**.
- Así, cos obxectivos dun mellor coñecemento da sociedade xorden as chamadas **ciencias sociais** ou ás veces chamadas **humanas** e, entre elas, á **socioloxía positiva**.



August Comte

# Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.

NON ENTRA NO EXAME

- As **ciencias sociais / humanas** son aqueles estudos **relacionados coas actividades humanas: historia, socioloxía, economía...**
- Neste momento, debido ao avance das ciencias naturais non séculos precedentes, considérase que é **preciso empregar o método científico a estes estudos.**
- Preténdese ter en conta **datos de carácter obxectivo** e susceptibles de ser cuantificados. A realidade se explica a partir da causalidade.

# Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.

- As características principais do positivismo son:
  - 1) O **único método de coñecemento válido é o método científico** que é aplicable tanto ás ciencias como á sociedade.
  - 2) **Interese na socioloxía** (como ciencia que estuda feitos sociais, baseándose na observación, a comparación e o método experimental, co fin de **identificar regularidades ou leis que rexen o comportamento humano en sociedade e garantir a orde social** → **socioloxía da orde** (o fin da sociedade é a orde, o desorden é unha anomalía a evitar.)
  - 3) Análise dos datos empíricos sen **ningún tipo de interpretación** máis aló do medible ou cuantificable.
  - 4) Optimismo xeneralizado e acrítico do **progreso científico sen límites** o cal tería como **consecuencia un benestar xeneralizado**.



# Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.



- **Socioloxía da orde:** o fin da sociedade é a orde. O desorden é unha anomalía a evitar.



- 
- **Socioloxía do conflito:** O cambio e a contradición son esenciais para que a sociedade poida avanzar polo que o conflito non só non é negativo senón máis ben imprescindible.

# Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.

NON ENTRA NO EXAME

- Dependendo do país, **o positivismo integrouse en distintas tradicións**. Así:
  - Francia: O positivismo intégrase no interior do **racionalismo ilustrado e os seus ideais de progreso, de procura de leis universais** (empíricas iso si, non abstractas ou metafísicas) e a confianza na **razón como ordenadora do mundo**. Autores: August Comte.
  - Alemaña: Neste país o positivismo maniféstase nunha forma de **ríxido cientificismo e dun monismo materialista** (só existe a materia, non o espírito). Autores: Richard Avenarius e Ernst Mach.
  - Inglaterra: Intégranse na tradición **empirista e utilitarista** que se vai a relacionar coa Teoría da Evolución. Autores: John Stuart Mill e Herbert Spencer.

John Stuart Mill

El utilitarismo

DER MENSCHLICHE  
WELTBEGRIFF

Richard Avenarius



Karl Marx. Introducción a súa obra. O positivismo e as Ciencias Sociais.

**Utilitarismo: Se é útil...é bo?**





Karl Marx. Alienación e ideología.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía.

- Alienación vén do latín *alienus* (*alleo, estrano*) --> *Alienatio* (privar, apartar, allear)
- O fenómeno de alienación significa que **o produto da actividade humana** (sexa material ou espiritual) **non lle pertence ó produtor** e convértese en forza superior, autónoma e independente que dominan ó ser humano.
- Así, **o suxeito libre e creador pasa a ser dominado polo produto** (de cuxa produción el obtén un salario que permite ao empresario explotalo) tendo un sentido de escravización e perda de liberdade.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Alienación *Hegeliana vs. Marxista*

Marx retoma o concepto hegeliano de alienación aínda que reinterpretándoo dende a súa postura materialista.



- En Hegel, o alienado (o posto fora do ser humano) é a Idea. É necesario que o ser humano exteriorice (saque fora de si) o pensamento. As ideas (tese) son exteriorizadas (antítese)= síntese: "o individuo recoñece a súa idea no exterior e avanza na comprensión da realidade como produto da mente. A alienación é positiva.



- 
- Marx, como materialista, o alienado é o produto da actividade material (traballo).

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Proceso de alienación.

- 1. Exteriorización:** É a acción pola cal o polo subxectivo (idea, concepto, habilidade) sae fóra de si e entra en relación con algo diferente de si mesmo. Nesta exteriorización, o traballador pon algo no obxecto que só lle pertence a el (para Marx as súas enerxías, imaxinación, calidades, etc., é dicir o seu traballo) e polo tanto debe ser considerado da súa propiedade.
- 2. Obxectivación:** Nesta exteriorización, o suxeito despréndese de algo propio, perde algo de si (a súa actividade produtiva), **pon algo de si no obxecto (obxectivación)**. Este momento coñécese co nome de enaxenación ou obxectivación.
- 3. Alienación:** Cando o obxecto transformado non lle pertence e pasa a ser propiedade doutro, converténdose en algo alleo e estrano ao produtor que mesmo se volve na súa contra, é cando se produce o fenómeno da alienación. O alienado é produto e produtor, pois ó perder o produto está perdendo algo de si.

# Karl Marx. Alienación e ideología. Tipos de alienación

- ❑ **Alienación económica**
- ❑ Alienación religiosa
- ❑ Alienación ideológica e filosófica.
- ❑ Alienación socio - política

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Proceso de alienación económica.

Para Marx a **alienación económica** é a forma **máis importante** de alienación e a causa das demais alienacións. Todo **ser humano alienado economicamente non pode ser libre**.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación económica.

- Alienación económica é sinónimo de alienación no traballo. Traballo alienado quere dicir que **o produto do traballo non lle pertence ao produtor, é algo alleo, extraño**. O produto pasa a ser **propiedade do capitalista**.
- Co traballo alienado **a actividade produtiva deixa de ser a realización do produtor**, da súa esencia, pois o producido xa non é recoñecido polo produtor debido a que **o traballo en cadea elimina toda individualidade e creatividade** (Traballo mecánico).



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación económica.

- Ao non realizarse no seu traballo, xa que é un **traballo forzado**, un mero **medio de subsistencia**, provoca a **desrealización do produtor**.
- Desta forma **non desenvolve o seu ser xenérico** (a súa esencia, neste caso a humana) e a actividade propia do ser humano non se diferencia da actividade animal.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación económica.

- Como consecuencia do anterior, as **relacións humanas tamén están alienadas, converténdose en relacións entre mercadorías.**
- Isto reflíctese nas relacións entre burguesía e proletariado (compra - venda da man de obra).



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación económica.

- O **traballo alienado conduce á miseria ó traballador** (Tese de pauperización → *El Capital*).
- O produtor é máis pobre cando máis riqueza produce, xa que o produto do seu traballo non lle pertence e deste xeito **o beneficio do seu traballo acrecenta o poder do capitalista**. O traballador convértese en vítima do seu traballo.

Como a **alienación é o resultado dunha determinada situación socio-económica e política**, **só se superará coa revolución**: cando o proletariado se faga dono dos medios de produción e sexa abolida a propiedade privada.

# TESIS DE PAUPERIZACIÓN DE MARX

Avance Tecnológico  
y Mecanización



Sobrepoblación Relativa



Masa de Desempleados

Salarios Bajos e Inseguridad



Precariedad y Explotación

"Apéndice de la Máquina" y Alienación



Degradación Física e Intelectual



Conciencia de Clase y Rebelión

Miseria Creciente Impulso a la Revolución

# Karl Marx. Alienación e ideología. Tipos de alienación. Alienación económica.

Estamos a piques de presenciar unha revolución contra o capitalismo?



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación económica.

- En resumo, a alienación económica produce 4 tipos de alienación:

- Con respecto ao **froito do seu traballo** (xa que é privado del)
- Con respecto a **súa propia actividade produtiva** (o ser humano xa non se realiza a través do traballo)
- Con respecto a **súa propia esencia** (xa que -para Marx- o ser humano desenvolve o seu *ser xenérico* a través do traballo).
- Con respecto as **relacións cos demais** (as relacións humanas se convirten nunha relación de compra-venta de man de obra).



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación

- Alienación económica
- Alienación relixiosa
- Alienación ideolóxica e filosófica.
- Alienación socio - política

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.

- **Marx acepta a tese básica de Feuerbach** de que **é o ser humano quen crea a Deus e non ó revés.**
- Os **atributos de Deus** non son máis que os **atributos do ser humano expropiado**, postos en Deus.
- Ademais, o **ser humano sométese a este ser estrano**, froito da súa fantasía.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Proceso de alienación relixiosa.

Na alienación relixiosa o ser humano **exterioriza os seus valores positivos** (poder, amor, sabedoría, etc.) e os **obxectiva nun deus**. Unha vez creado **o deus se aliena** (o deus xa non é unha creación do home, senón un ser autónomo superior ao seu propio creador o cal se humilla ante a súa creación). Marx afirma ademáis que a relixión serve para **defender os intereses de certas clases**.



Crea o produto



O produto creado lle é retirado e vólvese estrano. O creador se humilla ante a súa creación.



Ao mesmo tempo serve para lexitimar os intereses de certas clases



**Exteriorización**  
(valores: bondade, humildade, sabedoría, amor, poder etc.)

**Obxectivación:  
Deus**

**Alienación**

**Defensa de  
intereses de clase**  
(clero, monarquía, ricos)

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.



- A **alienación** quedaría superada, segundo **Feuerbach**, cando **o ser humano se decatara de que Deus é simplemente un produto da súa propia fantasía.**
- 



- Marx critica que Feuerbach estaría considerando a **relixión como algo natural, e polo tanto esencial ó ser humano.**
- Por este motivo considera Marx que **a filosofía de Feuerbach agocha un certo idealismo** (na esencia humana habería algo espiritual: o sentimento relixioso ) sendo incapaz de atopar a verdadeira causa da alienación relixiosa.

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.

- Para Marx a causa da alienación relixiosa hai que buscala nas condicións socio-económicas.
- Segundo Marx, a relixión é a **expresión da miseria real da poboación e ademáis protesta contra esa situación**.
- Pero as protestas da relixión contra a miseria son **inoperantes** se só propoñen **resignación e esperanza no máis alá impedindo** que o ser humano se **percate de cal é a causa verdadeira** da súa situación de **miseria**.



To live alienated is to die daily  
without burial.

Karl Marx

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.

- A **relixión convértese así en ideoloxía** posto que, en certa medida, **presenta a situación de pobreza como algo natural** (ao presentar as estruturas de poder como a monarquía ou a propiedade privada como algo sagrado ou natural).
- Así **estaría xustificando a orde establecida**, quitando a responsabilidade aos opresores e convencendo aos oprimidos de que a súa posición é un "destino" o unha proba espiritual.
- A relixión estaría **servindo ós intereses dunha determinada clase**.




# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.

NON ENTRA NO EXAME

## • Cristianismo e Burguesía

- **Defensa da propiedade privada:** O mandamento "non roubarás" interprétase non só como unha norma moral, senón como unha lei divina que protexe a propiedade privada, o pilar fundamental da burguesía. **A ética do sacrificio e a resignación:** O cristianismo exalta virtudes como a humildade, a obediencia e a mansedumbre. Para un burgués, un obreiro que cre que "a paciencia é unha virtude" e que debe "poñer a outra fazula" é un obreiro que non fará folgas nin revolucións violentas.
- **A meritocracia espiritual fronte á desigualdade material:** A idea de que todos somos "iguais ante Deus" crea unha igualdade ilusoria. Se os homes cren que xa son iguais no plano espiritual, a desigualdade brutal dos seus salarios e condicións de vida na terra parece menos importante ou secundaria.
- **Xustificación do éxito:** En versións como o calvinismo ou o puritanismo, a prosperidade económica chegouse a ver como un sinal de bendición divina. Isto elimina a culpa do burgués: se é rico, é porque Deus favoreceuno pola súa disciplina e traballo duro.

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación relixiosa.



A alienación relixiosa superarase cando desapareza a alienación económica, é dicir, ó desaparecer a base que a sustenta.

# Karl Marx. Alienación e ideología. Tipos de alienación

- ❑ Alienación económica
- ❑ Alienación religiosa
- ❑ **Alienación ideológica e filosófica.**
- ❑ Alienación socio - política

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación ideolóxica e filosófica.

- A alienación ideolóxica, e similar á económica, pero o **"produto alienado"** non é unha mercadoría, senón unha **idea** ou unha **crenza que termina dominando ao seu creador**.
- E similar á relixiosa a cal estaría incluída nesta.




# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación ideolóxica e filosófica.

- Para comprender esta forma de alienación é preciso coñecer o significado do **concepto de ideoloxía**. Marx utiliza o termo ideoloxía en dous sentidos:
  - **positivo**: (o máis raro, e máis propio do marxismo posterior) para referirse en xeral ás **distintas formas de conciencia** (coñecemento, pensamento) da **superestrutura**, é dicir dunha sociedade nun momento histórico (relixión, filosofía...). Tamén ten o sentido da **toma de conciencia da clase explotada da súa situación**.
  - **negativo**: ou pexorativo (o máis común). A ideoloxía significa aquí unha **representación deformada, falseada da realidade, para favorecer intereses de clase**. Este falso coñecemento **afecta tanto á clase dominante como á dominada**. Toda a ideoloxía (dereito, filosofía, relixión...) porase ao servizo da clase dominante para seguir explotando á dominada. Neste sentido a ideoloxía provoca a alienación do individuo ao asumir como normal e racional o que non é: a súa situación de miseria e explotación.

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación ideolóxica e filosófica.


- Exemplo: O liberalismo




# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Proceso de alienación ideolóxica.

A alienación ideolóxica é similar á económica, pero o "produto" non é unha mercadoría, senón unha idea ou unha crenza que termina dominando ao seu creador. O ser humano, **ante a complexidade da súa realidade social e as súas limitacións, produce pensamentos, valores e conceptos para tentar explicar o seu mundo.** A idea "sae" da cabeza do individuo e convértese nun "obxecto" social (por exemplo, o concepto de "Nación" ou "Dereito Natural").

**O ser humano esquece que el mesmo creou esas ideas. O sistema ideolóxico independízase (alienación) e preséntase como unha verdade absoluta, eterna ou natural, cando en realidade só é un reflexo dos intereses da clase dominante.**



Crea o produto



O sistema ideolóxico independízase do seu creador/a (alienación) e preséntase como unha verdade absoluta, eterna ou natural

Ex: Idea de nación → Nacionalismo

Ao mesmo tempo serve para lexitimar os intereses de certas clases

**Exteriorización**  
(valores: bondade, humildade, sabedoría, amor, poder etc.)

**Obxectivación:**  
Leis, filosofías, teorías políticas ou institucións

**Alienación**

**Defensa de intereses de clase**  
(burguesía sobre todo)

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Proceso de alienación ideolóxica.

NON ENTRA NO EXAME


- Non todos os nacionalismo teñen a mesma orixe nin a mesma intención de alienación ideolóxica. Marx critica o nacionalismo alemán da súa época.
- **Como defende o nacionalismo á burguesía?**
  - **Apertura e protección de mercados:** Nunha guerra nacionalista, o obxectivo adoita ser conquistar territorios para obter materias primas baratas ou novos clientes. O soldado (obreiro) pon o corpo, pero o beneficio deses novos recursos quédallo o dono da industria.
  - **Eliminación da competencia:** O nacionalismo xustifica impoñer aranceis ou bloquear a empresas estranxeiras. Isto non axuda ao traballador (que acaba pagando produtos máis caros), senón ao empresario local, que se asegura o monopolio do mercado nacional.
  - **Paz social interna** (A "válvula de escape"): Se os traballadores están moi enfadados polos baixos salarios, o nacionalismo desvía o odio. En lugar de culpar ao xefe pola explotación, cúlpase ao "estranxeiro" ou ao "país veciño". O nacionalismo mantén á clase obreira unida ao seu explotador baixo unha identidade común falsa.
  - **A industria armamentística:** Nun contexto de fervor nacionalista e guerra, o Estado gasta o diñeiro dos impostos (que vén do traballo da xente) en comprar armas a grandes corporacións privadas. É unha transferencia directa de diñeiro público a mans da elite industrial.

“Os traballadores non teñen patria” *Manifesto Comunista* (Marx & Engels)

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación ideolóxica e filosófica.

- Outros exemplos serían:

- **As ideas como "forzas independentes"**: Marx burlábase dos filósofos que crían que as ideas (como "A Liberdade", "O Home" ou "A Razón") dirixían a historia. Para el, isto é alienación ideolóxica: o home crea o concepto de "Liberdade", o obxectiva, e logo cre que esa idea é un ser real que actúa en por si, esquecendo que só é un reflexo das condicións materiais.
- **O Dereito e a Xustiza**: Marx explica que a burguesía crea leis para protexer a súa propiedade. Logo, esas leis preséntanse como "Xustiza Universal". O cidadán aliénase ao crer que a lei é un valor sacro e neutral que está "por encima" das persoas, cando en realidade é un produto humano creado para defender intereses de clase.



A **analogía da "Cámara Escura"**: Marx utiliza esta metáfora para explicar a ideoloxía. Nunha cámara escura (un aparello óptico), a imaxe da realidade aparece invertida. **A alienación ideolóxica consiste en ver o mundo ao revés: crer que as ideas determinan a vida, cando é a vida material a que determina as ideas.**

# Karl Marx. Alienación e ideología. Tipos de alienación

- ❑ Alienación económica
- ❑ Alienación religiosa
- ❑ Alienación ideológica e filosófica.
- ❑ **Alienación socio - política**


# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación socio-política.

- A alienación socio-política é **-prácticamente idéntica- a ideolóxica**, coa diferenza na que a ideolóxica se produce na conciencia dos individuos e na **socio-política na práctica**. Ambas son **consecuencia** directa da **alienación económica**.
- Marx explica esta forma de alienación, afirmando que **o Dereito en calquera sociedade preséntase como a realización da xustiza**, pero en realidade é unha forma de dominación que exerce unha clase sobre outra.



# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación socio-política.

- A pesar de que o **Dereito** se presenta coma un instrumento conciliador dos intereses antagónicos entre os individuos, non é máis que un **poder ó servizo da clase dominante.**



Crea o produto



Para que se apliquen as leis, o dereito se materializa no Estado o cal posúe forzas coercitivas.



ESTADO

Ao mesmo tempo serve para lexitimar os intereses de certas clases



**Exteriorización**

(valores: bondade, humildade, sabedoría, amor, poder etc.)

**Obxectivación:**

Dereito / Xustiza

**Alienación**


(o dereito se materializa no **estado** que **vólvese contra o individuo** a través do dereito ou forzas coercitivas como as forzas da orde para defender os intereses dunha clase en particular)

**Defensa de intereses de clase**  
(burguesía sobre todo)

# Karl Marx. Alienación e ideoloxía. Tipos de alienación. Alienación socio-política.

- A alienación socio-política, e as demais, superaranse cando se supere a alienación económica, pois forman parte da superestrutura que desaparecerá cando se derrube a infraestructura coa toma de conciencia por parte do proletariado da súa situación (desenmascarar a ideoloxía dominante que os mantén na pobreza) e mediante a **revolución abolir a propiedade privada** condición para a **desaparición da alienación humana**.

Desaparecendo a propiedade privada desaparece a posibilidade de apropiarse da esencia humana: o produto do seu traballo e a súa liberdade.





**Karl Marx. O materialismo histórico.**



# O materialismo histórico

- A concepción materialista da historia recibe o nome técnico de “materialismo histórico”.
- O “materialismo histórico” pretende ser unha **teoría científica sobre a historia e a sociedade humana.**

O termo “**materia**” ten en Marx un **sentido económico** e refírese á **producción material.**




# O materialismo histórico

A tese central: **Non son as ideas as que dirixen a historia senón a producción material**

- Non é a vida espiritual (relixión, filosofía, moral,...) o máis importante da historia (como sostíña Hegel) senón a vida material, o **que os seres humanos producen e como o producen.**

- Pero a formulación máis precisa do materialismo histórico fíxoa Marx no prólogo da obra “*Contribución á crítica da economía política*”. Nesta obra mantén que a **historia humana é a sucesión dialéctica dos distintos modos de produción**: Primitivo → Asiático → antigo → feudal → capitalista.



# O materialismo histórico

- Un **modo de producción** é unha totalidade orgánica que comprende dúas partes:
  - **Infraestrutura económica** ou **base material**
  - **Superestrutura**

MODO DE PRODUCCIÓN

**Superestrutura**



**Infraestrutura**

# 0 materialismo histórico

## • **Infraestructura económica ou base material**

- **Forzas produtivas**. As forzas produtivas comprenden:
  - *Medios de producción* (instrumentos, máquinas, materias primas...)
  - *Produtores* (a enerxía humana).
- **Relacións de producción**. As relacións de producción non se refiren ás simples relacións humanas, senón as **relacións que se establecen no proceso de producción entre os propietarios dos medios de producción e os produtores directos, que non son propietarios deses medios**. En todas as sociedades clasistas, estas relacións de producción son de **explotadores-explotados**.



# O materialismo histórico

- **Superestrutura** está formada por dous niveis:

- A **estrutura xurídico-política** (Estado, Dereito):
  - A institución máis importante dentro da estrutura xurídico-política é o Estado.
  - Para Marx o Estado é un instrumento de dominio das clases dominantes sobre as dominadas, coa finalidade de que as primeiras manteñan a súa situación de privilexio.
- A **estrutura ideolóxica** (conxunto de ideas ou crenzas relixiosas, filosóficas, morais,...que configuran a conciencia social). Segundo Marx, en toda sociedade clasista as ideas dominantes son as da clase dominante, é o propio da ideoloxía considerar como valores absolutos o que non só máis que intereses da clase dominante (por ex.: é ideolóxico considerar o capitalismo coma un sistema eterno baseado en leis naturais porque trataríase dunha idea falsa que impide que este sistema se cambie por outro mellor, e así favorece os intereses da clase dominante).

## Estrutura xurídico - política



## Estrutura ideolóxica


SUPERESTRUTURA

# O materialismo histórico

- A tese básica do materialismo histórico afirma que **en cada época a infraestrutura económica determina e condiciona a superestrutura ideolóxica** → a produción da vida material condiciona a produción espiritual (da mente), e non ó revés.

“Non é a conciencia do home o que determina o seu ser, senón polo contrario **é o ser social o que determina a súa conciencia**”

*(Contribución á crítica da economía política, Karl Marx)*




Traballo en fábricas.  
Horarios estrictos e duros.  
**Cantas máis horas de traballo, máis cartos en salarios e tamén máis beneficios**



**Lema cultural:** “O tempo son cartos” → Expresión da lóxica do sistema capitalista


# O materialismo histórico

- A superestrutura non é sempre un mero reflexo da economía.
- **A superestrutura pode influír sobre a base** (por ex: o influxo da relixión no sistema feudal)



## Relixión

A orde social vén de Deus  
Humildade e obediencia  
son virtudes



Orde estamental xerárquica  
estricta  
A igrexa debe posuír terras,  
recibir diezamos, etc.

Entre superestrutura e infraestructura hai unha **relación de influxo mutuo** pero, a pesar de todo, **a economía é sempre determinante en última instancia.**

# O materialismo histórico

- As **forzas produtivas** son:
  - Forza do traballo humano (traballadores + habilidade + coñecemento)
  - Medios de produción (instrumentos, máquinas, materias primas)
  - Tecnoloxía e coñecemento técnico (técnicas agrícolas, métodos de fabricación, innovación tecnolóxica, organización do traballo, etc.)
- Para Marx, o **cambio histórico prodúcese pola contradición entre as forzas produtivas e as relacións de produción.**
- Como as forzas produtivas avanza máis, e en especial toman conciencia da súa situación de explotación, chegan un momento en que as relacións de produción se converten en trabas para o progreso de aquelas. Entón prodúcese unha **revolución social** que dará paso a unha nova formación social.

# O materialismo histórico

Exemplo: Paso do feudalismo ao capitalismo



**Forzas produtivas**  
Forza do traballo: Campesiños.  
Medios de produción: terra,  
arado, animais de tiro.  
Tecnoloxía: Técnicas tradicionais

**Relacións de produción**  
Señores feudais (explotadores)  
Servos (explotados)

Desenvolvemento  
das forzas  
produtivas



**Contradición entre forzas produtivas e relacións de produción**

As relacións feudais comezaron a ser un obstáculo:

- O sistema feudal limitaba o comercio e a produción (ao estar controlados pola nobreza)
- A burguesía (nova clase dominante) necesitaba máis liberdade económica e expandir a produción.



Revolución social

**Toma de conciencia de clase**

Campesiños, artesáns e burgueses danse conta da situación de inxustiza con respecto á nobreza e clero

# O materialismo histórico

- Esta contradición entre as forzas produtivas e as relacións de produción maniféstase na **loita de clases**. As clases defínense pola distinta posición no proceso de produción, pola propiedade ou non dos medios de produción.
- En cada modo de produción existen **dúas clases antagónicas, de explotadores e explotados**:
  - Libres e escravos no modo de produción antigo.
  - Señores e servos no modo de produción feudal
  - Burgueses e proletarios no modo de produción capitalista.

Para Marx, **a loita de clases é o motor da historia**, o que fai avanzar a historia, o que fai pasar dunha formación social a outra ata chegar a unha sociedade sen clases que é o momento último da historia. **Coa revolución social non só mudamos a estrutura económica senón tamén toda a ideoloxía que a xustifica.**

**A sociedade sen clases**, a sociedade **comunista**, **á que se dirixe a historia** (acelerada mediante a acción do proletariado) acabará **coas alienacións e permitirá a realización total do home.**



# MATERIALISMO HISTÓRICO


Obras representativas... *Contribución a la crítica de la economía política*

Conceptos relacionados... relaciones de producción (p. 196), estructura y superestructura (p. 200), ideología (p. 201)


Nota... según el pensamiento marxista, una revolución comunista puede producirse solamente en un país en el que el capitalismo se ha desarrollado, sin embargo se ha producido en un país económicamente subdesarrollado como Rusia

## SUPERESTRUCTURA

Lo que mueve la historia es el desarrollo de las fuerzas productivas



La superestructura viene determinada por la estructura



La industrialización avanza y la producción en serie se hace posible

INCREMENTO DE LA FUERZA PRODUCTIVA gracias a las innovaciones tecnológicas

Si la tecnología progresa, aumenta la fuerza productiva y mejora la posición de la clase subordinada que quiere emanciparse. Esto provoca una lucha de clases (p. 199) que lleva a una transformación de las relaciones de producción

Hegel afirma que es la conciencia del ser humano el motor de la historia (p. 177), mientras que según Marx lo que la mueve no es un factor espiritual, sino material (**materialismo histórico**). Los humanos deben producir cosas para su propio sustento y para ello establecen **relaciones de producción** (p. 196) en consonancia con el nivel técnico de su época. Sobre esta base económica (estructura, p. 200) crean además un **sistema político** y una **cultura** (superestructura, p. 200). Cuando, después, las fuerzas productivas aumentan gracias al progreso tecnológico, las relaciones de producción entran en crisis y explota la **lucha de clases** (p. 199). Marx afirma que las épocas transcurren en este orden: **esclavismo—feudalismo—capitalismo—socialismo—comunismo**.

# Karl Marx. Texto 1

## Texto 1: Alienación






A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.



# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.

- Marx leva a cabo unha **análise científica do modo de produción capitalista**.
- Isto queda reflectido na obra *O Capital*. Dita obra é ó mesmo tempo:
  - a) Unha crítica da Economía Política, é dicir, dos economistas clásicos ingleses, pois a súas interpretacións apoiaban os **intereses da clase burguesa**.
  - b) Unha crítica do capitalismo como sistema de explotación.
- Marx **analiza o concepto de mercadoría** xa que entende que o capitalismo é un sistema de produción de mercadorías.



**A mercadoría é todo produto intercambiable no mercado e transferido a outra persoa a quen lle serve de valor de uso.**

# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.

- Toda mercadoría ten dúas caras:
  - a) **Valor de uso**: utilidade que ten unha mercadoría en virtude das súas propiedades para satisfacer unhas determinadas necesidades.
  - b) **Valor de cambio**: valor que ten o produto cando se cambia por diñeiro (prezo) ou outra mercadoría. O valor só se manifesta a través do valor de cambio. O valor de cambio non depende do valor de uso; ex. o ferro ou o millo, teñen un **valor, pero este non depende das súas propiedades naturais**.



# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.

## • ¿De que depende o valor de cambio?

- A fonte do seu valor son **axentes externos** como a *lei da oferta e da demanda*, **inflación**, **o estado**, etc...
- Sem embargo, **o valor fundamental dunha mercadoría**, a base do valor de cambio, é o **tempo de traballo socialmente necesario para producila** (afirmación fundamental da *teoría do valor-traballo* que Marx toma de Ricardo e Adam Smith)
- O traballo enténdese nun sentido abstracto, como medida do gasto de enerxía.



Tempo necesario  
para producilo



**Valor fundamental  
dunha mercadoría**

# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.

No *Capital*, Marx tamén intenta explicar a procedencia da ganancia do capitalista.

En xeral, Marx sostén **que o capitalista vende a mercadoría polo que vale producila.**

- ¿Logo de onde saca a ganancia?

- 1. **O traballador vende a súa *forza de traballo* como unha mercadoría máis a cambio dun salario.**

- O valor da súa *forza de traballo* será igual ó de outra mercadoría: tempo de traballo socialmente necesario (tempo promedio da sociedade, non dun traballador en particular) para producila (*traballo abstracto*, independente de como se leve a cabo ese traballo). É dicir, o valor da *forza de traballo* se calcula no tempo que tarda en producir a mercadoría.

- 2. O problema é que as condicións de produción industrial fan que **o traballador produza moito máis** (*traballo concreto*, a concreción en obxectos do *traballo abstracto*) **do que necesita para cubrir o custo do seu salario.** Dedúcese que o traballador precisaría só dunha parte do día de traballo para producir o que corresponde ó valor da *forza de traballo*.

- **Todo o que produce de máis** (descontado o prezo invertido das materias primas e maquinaria) é **PLUSVALÍA.**

**A plusvalía é a causa da ganancia do capitalista e segundo Marx é o trazo típico da explotación do sistema capitalista. A cota de plusvalía é a proporción entre traballo necesario e o traballo excedente.**

# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.



Tempo necesario para produci-lo



=

**Salario**



Producción real nun día




Valor mercadorías producidas

Salario +  
(Materias primas  
Maquinaria)

=

**Plusvalía**



# A análise da mercadoría, a *teoría do valor-traballo* e a *plusvalía*.

NON ENTRA NO EXAME

## • Como actúa a lei de oferta e demanda nos prezos segundo Marx?

Para Marx, a lei da oferta e a demanda inflúe, pero non é a que crea o valor das cousas; só **fai que o prezo oscile ao redor dese valor.**

### Valor de cambio vs. Prezo

- **Valor:** É o "centro de gravidade" dunha mercadoría, determinado polo tempo de traballo socialmente necesario para produci-la.
- **Prezo:** É a expresión monetaria dese valor, que sobe ou baixa constantemente debido á oferta e a demanda.

# O marxismo despois de Marx.

- A obra de Marx tivo unha importante repercusión social ao **inspirar as revolucións e o movementos obreiros no mundo**.
- A súa obra é a fonte das **revolucións socialistas** como a rusa aparecendo a URSS e a súa área de influencia do que se coñeceu como os países do leste de Europa. Tamén inspira a revolución cultural de Mao en China entre outras moitas revolucións no mundo: América Latina, sueste asiático... Tamén influirá na **formación do estado de benestar dos países occidentais**.
- Desde o punto de vista teórico é un lugar común distinguir dentro da continuación do marxismo:
  - **Marxismo ortodoxo**. O primeiro é a interpretación literal da obra de Marx que é a doutrina oficial dos países chamados comunistas.
  - **Marxismo crítico**: Destaca a *Escola de Frankfurt*.





# O marxismo despois de Marx. A escola de Frankfurt.

- Entre os autores mais destacados desta escola están **Adorno, Horkheimer, Marcuse...**
- Estes autores recuperan o **marxismo desde unha óptica crítica** xa que **consideran que o marxismo dos países do leste derivou nun totalitarismo** (exemplo Stalin).
- Ao mesmo tempo **adoptan o método marxista para analizar a sociedade capitalista moderna e denunciar a explotación e a destrución do planeta ao facer do consumo o motor da economía.** Consideran que o **capitalismo moderno** logrou crear, mediante a **publicidade**, que a **clase obreira identifique felicidade e consumo** aceptando unha **vida de explotación a cambio de acceder a certos bens de consumo**. Esta sociedade só leva á falta de liberdade, explotación e infelicidade humanas.
- Seguen crendo na necesidade da revolución para construír un mundo máis racional que identifique progreso coa liberdade e non co consumo, co despilfarro que só produce miseria, desigualdade e destrución do medio natural.
- A filosofía dos frankfurtianos, en especial Marcuse coa súa obra ***O home unidimensional***, serán a fonte de inspiración do famoso maio do 68 francés e as súas esixencias de liberdade.

# Críticas a Marx.

- **Karl Popper** na obra *A sociedade aberta e os seus inimigos*, Popper critica a idea do desenvolvemento da historia, en particular a idea de que a historia segue leis inevitables cara ao comunismo. Para Popper, Marx era un profeta falso, non un científico social.
- **Hannah Arendt** en *A condición humana*, Arendt cuestionou a obsesión de Marx co traballo. Para Arendt, Marx reduce ao ser humano a un animal que produce e consome (animal laborans). Ao elevar a labor produtiva por encima da acción política e a palabra, Marx ignora o que realmente nos fai libres: a capacidade de iniciar algo novo no espazo público, non só fabricar mercadorías.
- **Michel Foucault** criticou que Marx reducise todo á loita de clases e á economía.



# Karl Marx. Texto 2

## Texto 2: Materialismo histórico

